

<i>Dependencia</i> XOB.- Negociado de Xestión de Obras e Proxectos 126.- ARASA		
<i>Documento</i> XOB12I27C	<i>Expediente</i> XOB/294/2018	<i>Fecha</i> 16-05-18 11:43

EXPEDIENTE: **PRESTACIÓN DO SERVIZO PARA A "EXECUCIÓN DE DIVERSAS OPERACIÓNS DE ROZA, LIMPEZA E MANTEMENTO DE MARXES E DRENAXES DE VIARIOS, CARREIROS FLUVIAIS E PARCELAS MUNICIPAIS DO TÉRMINO MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA-CAMPAÑA COMPLEMENTARIA 2018" (XOB/294/2018)**

ASUNTO: **INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE DE CONTRATACIÓN**

TIPO DE CONTRATO: **SERVIZOS**

PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN: **ABERTO SIMPLIFICADO**

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 establece:

"Artigo 28.Necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación.

1.As entidades do sector público non poderán subscribir outros contratos que aqueles que sexan necesarios para cumprir e realizar os seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación."

1. UNIDADE RESPONSABLE DO SEGUIMENTO E SUPERVISIÓN DA CONTRATACIÓN

- Centro Xestor propoñente: CX-35
- Persoa responsable do seguimento: Antonio Ranedo Santillana

2. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é a prestación do servizo das operacións de desbroce, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viarios (rúas, carreteiras, pistas, sendas peonís ou ciclistas acondicionadas para tal fin, etc.), sendas fluviaís e parcelas (dotacionais, zonas verdes non acondicionadas, edificables, etc.) de titularidade municipal de todo o término municipal de Santiago de Compostela.

3. PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN

Establecese un procedemento de licitación ABERTO SIMPLIFICADO.

4. DIVISIÓN POR LOTES

- SI:
- NON:

Proponse un contrato único sen lotes. A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a súa correcta execución desde o punto de vista técnico. Por outra banda, a división en lotes, ou a execución do servizo plantexado por unha pluralidade de contratistas diferentes do obxecto do contrato, implicaría a necesidade de ter que coordinar a execución das diferentes prestacións con diferentes contratistas, o cal, dada a súa complexidade, implicaría poñer en risco a finalidade do servizo de desbroce, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viarios, sendas fluviaís e parcelas que se pretende contratar.

5. NECESIDADES QUE SE PRETENDEN CUBRIR

Co presente contrato pretendese cubrir a prestación das operacións e actividades de desbroce, limpeza e mantemento incluídas no "Grupo I" e no "Grupo II" que se describen no PPTP. Dichas operacións realizaránse nos márxes e os drenaxes dos viaís (rúas, carreteiras, pistas, sendas peonís ou ciclistas acondicionadas para tal fin, etc.), sendeiros fluviaís e parcelas (dotacionais, zonas verdes non acondicionadas, edificables, etc.) de titularidade municipal de todo o término municipal de Santiago de Compostela.

<i>Dependencia</i> XOB.- Negociado de Xestión de Obras e Proxectos 126.- ARASA		
<i>Documento</i> XOB12I27C	<i>Expediente</i> XOB/294/2018	<i>Fecha</i> 16-05-18 11:43

Ante a insuficiencia de medios persoais e/ou materiais propios o Servizo de Proxectos e Obras non dispón de capacidade para realizar as tarefas de desbroce, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viarios, sendas fluviaís e parcelas de titularidade municipal de todo o término municipal de Santiago de Compostela, polo procede a contratación do servizo por medio de empresas privadas. (art. 116.4 f)).

6. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA/CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA

Non se esixe. Establecese como clasificación supletoria do contratista: Grupo 0, Subgrupo 2, Categoría 2

7. NOMENCLATURA (CPV)

Será a sinalada no Prego de cláusulas administrativas particulares.

8. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

O valor estimado do contrato é de 100.000 € (IVA non incluído), sen incluír as posibles prorrogas.

9. PARTIDA ORZAMENTARIA

A aplicación orzamentaria da operación é: 100-45400-21000.

Existencia de cofinanciación:

- SI:
- NON:

10. TIPO MÁXIMO DE LICITACIÓN

- Tipo base: 100.000 €
- 21% IVE 21.000 €
- Total **121.000 €**

O tipo máximo de licitación é de 100.000 € (IVA non incluído), de maneira que o resultado final do procedemento de licitación será unha porcentaxe de baixa a aplicar de forma xeral a todos os prezos unitarios do Cadro de prezos do Prego de Prescricións Técnicas Particulares. O orzamento de licitación dispoñible para o contrato poderá consumirse na súa totalidade mediante a realización das tarefas definidas, é dicir, a baixa de adjudicación queda a disposición do contrato para realizar una maior cantidade de medicións segundo o obxecto do contrato.

11. PRAZOS DE EXECUCIÓN MÁXIMOS

O contrato terá un prazo global máximo de execución de seis (6) meses, a contar desde o día que se estipule no contrato ou desde que se formalice a súa acta de inicio da prestación do servizo.

12. ABOAMENTOS Á EMPRESA CONTRATISTA

Aboamento mensual, a partir das certificacións correspondentes.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2018

O xefe do Servizo de Programación e Proxección e Proxectos e Obras

Antonio Ranedo Santilana



Concelleiro Delgado de de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial

Rafael Peña Vidal